

PRINCIPAIS RETOS DE GALICIA CARA A 2030

MATRIZ DAFO

CICLO DA AUGA

GRUPO 2: CAMBIO CLIMÁTICO

MESA: Ciclo da auga

RETOS E NECESIDADES DE GALICIA CARA A 2030

Lograr o acceso a servizos de saneamento e hixiene adecuados e equitativos para todos.

1. Educación: Concienciación do carácter **limitado, escaso e fráxil** que ten este recurso. Posta en valor do recurso.
2. **Mellorar a calidade das augas no seu medio natural** reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo a porcentaxe de augas residuais sen tratar. **Mellorar o estado de todas as masas de auga**, de tal xeito que todas as actividades que se desenvolven na auga sexan compatibles entre si e cos obxectivos medioambientais establecidos. Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e **xestión integral do medio hídrico**.
3. **Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos** en todos os sectores para asegurar a sustentabilidade. **Fomentar a redución dos consumos** nos usos domésticos, do sector primario, industriais e do sector servizos. Fomento da **circularidade** do ciclo urbano da auga. **Mellorar as infraestruturas** implicadas en todo o proceso de extracción, tratamento e distribución da auga, evitando fugas e despilfarros innecesarios.
4. Mellorar a **xestión** e a explotación dos sistemas, fomentando a **comunicación e cooperación entre os diferentes niveis das administracións** implicadas. Implementar estratexias de **innovación** que permitan acadar mellores e máis eficientes solucións en todas as etapas do ciclo urbano da auga e do ciclo natural da auga. **Investigación** para mellorar os procesos de tratamento incrementando a eficacia e diminuindo custes económicos e ambientais.
5. Contribuír técnica e economicamente para **garantir un acceso ós servizos básicos** de abastecemento, saneamento e depuración aos cidadáns de Galicia, diminuindo os desequilibrios territoriais existentes. Conseguir unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.
6. Reducir a vulnerabilidade da poboación e das instalacións fronte ós riscos derivados de **fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos** extremos, tales como secas e enchentes.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.1 Modelo de xestión municipal (onde as competencias das entidades locais na materia son exclusivas) con falta de capacidade técnica e económica para xestionar de forma adecuada o ciclo integral da auga.</p>	<p>A.1 Recurso limitado e aumento do consumo: no 2040 prevese que a maior parte do planeta non terá auga suficiente para cubrir o consumo anual.</p>	<p>F.1 Desenvolvemento e implementación de instrumentos de planificación específicos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Plans Hidrolóxicos - Pacto local da auga - Plan da auga 2010-2025 - Plan de saneamento de Galicia - Plans de xestión de risco de inundacións - Plan de seca 	<p>O.1 Difundir boas prácticas no consumo da auga e mantemento das infraestruturas en todos os ámbitos. Fomento da corresponsabilidade na xestión da auga.</p>
<p>D.2 Falta de clarificación nas competencias asumidas polos diferentes entes intervenientes (deputacións, entes locais, confederacións hidrográficas, etc.). Falta de implicación e corresponsabilidade por parte das Deputacións.</p>	<p>A.2 A auga non ten substitutos, sen auga a poboación vese ameazada.</p>	<p>F.2 Libro Verde da Gobernanza da Auga en España (impulsado dende o Ministerio para a Transición Ecolóxica, co fin de xerar propostas de mellora en colaboración cos actores institucionais e as partes interesadas). Concluída a primeira fase. Eixes temáticos moi concretos, con propostas para cada un deles.</p>	<p>O.2 Implementar un modelo axeitado de coordinación das competencias municipais, das deputacións e da comunidade autónoma a través da creación dunha sociedade, participada por estas administracións, que xestione o ciclo integral da auga.</p>
<p>D.3 Deficiente e inadecuada xestión das tarifas. Non reflicten a estrutura de custos.</p>	<p>A.3 O seu prezo non reflicte o seu valor e en moitas ocasións non cubre os custos asociados.</p>	<p>F.3 Inicio da tramitación do anteproxecto de lei de creación da Sociedade para a xestión do ciclo integral da Auga (prevese a súa creación completa en 2020).</p>	<p>O.3 Promover e desenvolver a investigación sobre a situación concreta e as dinámicas das masas de auga, para levar a cabo unha mellor xestión das mesmas.</p>
<p>D.4 Falta dun seguimento adecuado e suficiente da execución dos plans levados a cabo.</p>	<p>A.4 Os déficits na capacitación e profesionalización necesaria para a xestión do ciclo integral da auga pode derivar en situacións de risco sanitario ou ambiental.</p>	<p>F.4 O número de masas de auga en bo estado aumentou nos últimos anos aproximadamente nun 7% como consecuencia da aplicación do programa de medidas na Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.</p>	<p>O.4 Fomentar a formación e capacitación dos técnicos da administración.</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<p>D.5 Falta dunha xestión integral que teñan en conta de forma simultánea a calidade da auga, o abastecemento e o impacto no medio ambiente.</p>	<p>A.5 As alternativas actuais para proveer de auga á poboación son moi custosas (desalinización), perigosas (a extracción da auga subterránea en grandes cantidades ocasiona presión sobre o terreo) e insuficientes.</p>	<p>F.5 As augas subterráneas tamén se atopan en bo estado.</p>	<p>O.5 Crear incentivos para aumentar a re utilización.</p>
<p>D.6 Infraestruturas deficientes: mantemento insuficiente por parte do entes locais; escasa capacidade de investimento. Redes con fugas e instalacións obsoletas. Galicia é a cuarta comunidade autónoma con maiores perdas de auga nas redes municipais de abastecemento.</p>	<p>A.6 A auga está presente en moitos procesos de fabricación de produtos. O desenvolvemento industrial implica máis consumo da auga.</p>	<p>F.6 Nos últimos anos, Galicia duplicou a súa capacidade de depuración de augas residuais. (aumenta a capacidade gracias ás inversións da Admón. Central e Europa pero mais da metade das depuradoras teñen un funcionamento deficiente).</p>	<p>O.6 Diseñar unha fiscalidade da auga que incentive o aforro, a eficiencia, a redución das presións sobre o medio hídrico e a contribución de todos os beneficiarios ao sistema.</p>
<p>D.7 Existencia de usos da auga e usuarios que non contribúen eficazmente á recuperación dos custos derivados do seu uso.</p>	<p>A.7 Alta vinculación coa marcha do sector agrícola e gandeiro: a maior parte do consumo da auga (despois do abastecemento) prodúcese no regadío de terras de cultivo (para a venta final ou como alimento para o gando).</p>	<p>F.7 Revisión, auditorías e obrigas de mellora: - Realización, por parte da consellería de Infraestruturas, de auditorías sobre o funcionamento das depuradoras que xestionan directamente os concellos. - prazo de 2 anos aos concellos para reducir as fugas nas redes.</p>	<p>O.7 Revisión do réxime económico-financieiro para mellorar o sistema de recuperación de custos dos servizos da auga, tendo en conta ademais os costes ambientais e do propio recurso.</p>
<p>D.8 Falta de capacitación e profesionalización adecuada e suficiente para a xestión do ciclo da auga.</p>	<p>A.8 Cambio climático: maior frecuencia de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos non previstos, como secas e enchentes.</p>	<p>F.8 Capacitación técnica do persoal de Augas de Galicia con experiencia na análise e definición de solucións aos problemas de funcionamento de redes complexas.</p>	<p>O.8 Maior transparencia e claridade no cálculo de costes e deseño de tarifas.</p>

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
D.9 Existencia de moitos usos non autorizados, que reducen os recursos hídricos dispoñibles e dificultan o seu control.	A.9 Falta de coñecemento na relación entre o ciclo do uso da auga e o ciclo natural da auga.	F.9 No marco do Pacto local da auga adoptáronse importantes acordos: · Recomendacións para a definición dunha estrutura tarifaria homoxénea e de referencia para os servizos do ciclo urbano da auga en Galicia. · Estudo operativo, xurídico e financeiro da xestión dos servizos do ciclo urbano da auga en Galicia.	O.9 A innovación como fonte de solucións para os problemas detectadas.
D.10 Vulnerabilidade fronte ós riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como enchentes e secas	A.10 Falta de regulación e control da xestión do ciclo urbano integral da auga.	F.10 O amplo coñecemento hidrolóxico, existente a nivel de conca, froito dunha longa experiencia en xestionar os recursos hídricos a esa escala, plasmado nos Plans hidrolóxicos de conca, que teñen un nivel técnico e de información hidrolóxica moi elevado.	O.10 Sector novo con tecnoloxías que permiten o desenvolvemento de novos produtos e servizos resilientes ao clima que fomentan a I+D+i.
D.11 Ineficacia e ineficiencias nos sistemas de saneamento en época de chuvias	A.11 Recursos económicos insuficientes para a mellora do ciclo natural e do uso da auga.	F.11 Capacidade de investir en novas infraestruturas de abastecemento e saneamento.	O.11 Novo período de programación dos fondos europeos.
	A.12 Incoherencias no marco legislativo e falta de coordinación interadministrativa.	F.12 Vontade e instrumentos para a colaboración coas administracións locais en materia de xestión do ciclo urbano da auga	O.12 Desenvolvemento de novos instrumentos de gobernanza a través do Pacto Local da Auga e procedementos de participación pública e medidas de transparencia
	A.13 Posibles conflitos sociais e económicos entre usuarios da auga.		O.13 Existencia dun marco institucional adecuado para exportar as experiencias e o coñecemento da administración hidráulica de Galicia a outras administracións con competencias na xestión da auga.
	A.14 Agresións por parte de particulares e empresas ao medio hídrico e o seu entorno.		O.14 Rías cunha grande riqueza acuícola e alto potencial turístico.

DEBILIDADES	AMEAZAS	FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
	A.15 Capacidade de regulación dos recursos hídricos inferior á de outras zonas de España.		O.15 Alto potencial ecolóxico das masas de auga.
			O.16 Menor consumo de auga durante os últimos anos. O consumo medio de auga para uso doméstico en Galicia en 2011 foi de 133 litros/habitante/día, inferior aos 142 litros/habitante/día do conxunto nacional e en calquera caso en descenso durante os últimos anos.